

Actividades de repaso

1 Explica cando un verbo é regular e cando é irregular, e pon exemplos.

- *Un verbo é regular...* cando conserva a mesma raíz en todas as súas formas e presenta as mesmas desinencias ca o modelo da súa conjugación.
- *Un verbo é irregular...* cando non conserva igual raíz ou non presenta as desinencias do modelo da súa conjugación.

2 Subliña de azul os verbos regulares e de vermello os irregulares.

- Xa vexo que hoxe chegaches tarde outra vez!
- O trobador compoñía cancións e o xograr cantábaas na corte.
- Se non adormeces pronto, despois estarás canso.
- Fuco estendera a roupa pola mañá e pola tarde xa secara.
- Díxonos adeus cando saíu pola porta.



3 Volve escribir as seguintes oracións puntuándoas correctamente.

- Laura ten dúas rifas para o sorteo, Mariña, catro, Lois, tres e Xaime, cinco.
Laura ten dúas rifas para o sorteo; Mariña, catro; Lois, tres; e Xaime, cinco.
- A Ana gústalle practicar calquera tipo de deporte non obstante, prefire os deportes de equipo.
A Ana gústalle practicar calquera tipo de deporte; non obstante, prefire os deportes de equipo.

4 Arrodea as palabras que conteñan prefixos.

Un lugar onde xogar

Cando saímos ao recreo, pregunteille ao subdirector se podíamos xogar na parte do patio que estiveron remodelando. El dixo que era imposible, pois aínda non remataron as obras. De feito, desaconsellounos que nos achégasemos á aquela zona porque o ruído que hai alí é moi incómodo.

